



CCOO IMPUGNA O X CONVENIO DE ENSINO PRIVADO NON CONCERTADO

Como xa anunciamos no seu momento, CCOO decidiu impugnar o X convenio colectivo ao considerar que algúns dos seus artigos vulneran de maneira clara a lexislación vixente en materia laboral.

O art. 17 do convenio ao regular o contrato de obra e servizo, establece unha relación de tarefas que se poderán cubrir coa devandita modalidade contractual, vulnerando claramente o art. 15 do Estatuto dos Traballadores, ao incluír na relación traballos que carecen de sustantividade propia dentro da actividade normal dos empregados e empregadas do sector:

- Impartir materias de Plans de Estudos a extinguir ou non contempladas nos novos Plans.
- Impartir materias optativas e/ou de libre configuración.
- Impartir docencia en niveis que a empresa decidiu a súa extinción e até o total peche dos mesmos.
- Impartir docencia en niveis non obrigatorios de duración anual como Programas de Cualificación Profesional Inicial, Programas de diversificación curricular, e outros de similares características.
- Impartir actividades extraescolares.
- Vixilancia de ruta escolar e vixilancia de patios e/ou comedor.

En relación coa excedencia voluntaria, o art. 54 do convenio, recolle no seu parágrafo 2º:

“Deberá solicitala por escrito con polo menos 15 días de antelación. De ser concedida empezará a gozarse dentro dos meses de xullo e agosto, salvo acordo en contrario”

Esta regulación vulnera o Estatuto dos Traballadores, ao desnaturalizar a institución da excedencia, que é un dereito do traballador/a -non unha concesión graciosa do empresario- que pode exercelo sen máis límites nin condicións que as establecidas no propio Estatuto dos Traballadores.

O artigo 73, de inaplicación salarial por descenso de alumnado, permite que aqueles centros con perda de matrícula respecto ao ano anterior poidan deixar de abonar os incrementos salariais pactados. Desde CCOO consideramos que este novo suposto sitúase á marxe das previsións legais xa que unha redución do alumnado nun centro formativo non necesariamente ten correlación sobre a súa conta de resultados. Desta maneira xérase automaticamente no sector unha dobre escala salarial que representará para centos de traballadores unha conxelación salarial perpetua. De feito xa existe máis dunha decena de centros que decidiron deixar de aplicar as táboas salariais.

Devanditos artigos non só prexudican os intereses dos traballadores e traballadoras do sector senón que tamén lesionan o dereito fundamental de liberdade sindical de CCOO no plano de lle negociación colectiva, ao excluila en supostos claros de negociación, dando á comisión paritaria unhas facultades que non lle competen, por tratarse dun órgano de mera interpretación e limitado ás partes asinantes do convenio.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

